

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 25 de abril de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 28 de abril de 2017.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de marzo de 2017.
- 2.- Aprobación definitiva do Plan de Ordenación de RRHH da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017.
- 3.- Programa especial de cooperación para o conфинanciamento de obras promovidas polo Concello de Ourense (2017-2018).
- 4.- Moción do Grupo Socialista para o mantemento da situación actual dos rexistros civís.
- 5.- Delegación na Deputación do exercicio das competencias do Concello de Trasmiras, relativas ás facultades que os concellos teñen atribuídas en materia de recadación de gastos derivados de execucións forzosas de actos administrativos.
- 6.- Delegación na Deputación do exercicio das facultades que ten o Concello de Vilamartín de Valdeorras para a recadación de multas coercitivas e custas xudiciais.
- 7.- Delegación na Deputación do exercicio das competencias do Concello de Boborás, para a recadación executiva da taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga.
- 8.- Expediente de modificación de crédito 1/2017 do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento para o exercicio 2017.
- 9.- Expediente n.º 2/2017 de modificación orzamentaria por suplemento de crédito e crédito extraordinario.
- 10.- Moción do BNG para demandar máis investimento para Galicia.
- 11.- Moción do Grupo Socialista sobre a reforma do financiamento local.
- 12.- Moción do BNG sobre a sanidade pública da Comarca de Verín.
- 13.- Moción do Grupo Popular para a posta en marcha da rede provincial de albergues.
- 14.- Modificación da Relación de Postos de Traballo e do anexo de persoal do orzamento, para a creación de dúas prazas de persoal eventual no Gabinete de Presidencia.

15.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

16.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de marzo de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2016, 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2017.

- Deputado delegado de Facenda: mes de marzo de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2017.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de marzo de 2017.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de marzo de 2017.

17.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,